



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

## **ACTA TRIBUNAL PROCESO SELECCIÓN PARA FORMACIÓN BOLSA EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIAS/OS INTERINAS/OS COMO TECNICA/O EN IGUALDADE PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DE ARZUA**

Reunidos ás 09:00 horas en data 15/07/2022 na sala de Comisión do Concello os membros do Tribunal de selección do proceso para formación bolsa emprego funcionarios/as interinos/as como tecnica/o en igualdade para o centro de información ás mulleres (CIM) de Arzúa, aprobadas por decreto do Alcalde 283/2022 de data 04/04/2022 publicadas en BOP nº 68 de 8 de abril de 2022.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde nº 476/2022 de 14/06/2022

Estando presentes :

- **Presidenta:**
  - Titular: Maria Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de Acción Social e directora do CIM de Compostela
  
- **Vogais:**
  - Maria Torres Pose, letrada Xunta de Galicia
  - Marta Pérez Iglesias, técnica de administración local, concello de Arzúa
  - Jorge Boado Fernández, secretario-interventor, concello de Boimorto
  
- **Secretaria:**
  - Titular: Rebeca Vázquez Vázquez .Secretaria do Concello de Arzúa.

### **ORDE DO DIA**

#### **1- Aprobación acta anterior**

Por unanimidade o Tribunal aprobou a acta de data 21/6/2022 .

#### **2- Resolución alegacións**

Pola Secretaria dase conta da alegación presentada por Sabela Losada Cortizas con rexistro X004/2022/000740 na que que sinala “ atopo erro na valoración do meu exame de case un punto menos solicitando revisión e puntuación correcta “ .Revisado o exame o Tribunal ACORDOU:  
**UNICO.-** Rexeitar a alegación mantendo a valoración de 14,25 xa que a aspirante ten 16 preguntas ben 7 mal que restan 1,75 e 7 en branco.informando a aspirante que pode solicitar vista da súa proba .



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### 3. Valoración méritos E 4. Proposta relación provisional ( no seu caso definitiva ) aspirantes para aprobación bolsa de emprego

Pola Presidenta solicítase proceda a Secretaria á lectura da base das bases de selección sobre o desenvolvemento do concurso oposición na parte FASE DE CONCURSO e proposta de contratación que sinala:

#### 7.3. Fase de concurso (puntuación máxima 40 puntos).

Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación da presente convocatoria no BOP . Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme ao establecido neste procedemento. Para a súa acreditación deberán presentar a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada.

O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal do Concello de Arzúa e publicara no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal a puntuación obtida por cada persoa aspirante.

**Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.**

Á vista das reclamacións presentadas, e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada persoa aspirante, o tribunal procederá á publicación da baremación definitiva da fase de concurso.

Esta fase de concurso é posterior a fase de oposición e non eliminatória .

O Tribunal valorará a experiencia profesional, a formación académica e a formación complementaria, cun máximo de 40 puntos, segundo o seguinte baremo:

Teranse en conta ao obxecto de valoración, as seguintes circunstancias ou méritos (ata 40 puntos):

1º. Por servizos prestados e ata un máximo de 15,00 puntos:

a) Servizos prestados na mesma categoría laboral nas Administracións Locais (técnico/a de igualdade/axente de igualdade) ou en diferente posto pero no que se acrediten análogas funcións as indicadas nestas bases : 0,30 puntos por cada semestre(6 meses) completos.

b) Servizos prestados na mesma categoría laboral noutras administracións públicas (técnico/a de igualdade/axente de igualdade) ou en diferente posto pero no que se acrediten análogas funcións ás indicadas nestas bases : 0,20 puntos por cada semestre completo.

c) Servizos prestados na mesma categoría laboral en centros, entidades, empresas que non pertencen ás Administracións públicas,(técnico/a de igualdade/axente de igualdade) ou en diferente posto pero no que se acrediten análogas funcións as indicadas nestas bases : 0,10 puntos cada mes completo.

A antigüidade anterior xustificárase mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración onde prestasen os servizos; ou a fotocopia do contrato de traballo e ou certificación orixinal da empresa xustificativa da experiencia manifestada. Deberá acompañarse informe de vida laboral. Valorárase o posto ou categoría laboral que realice algunhas ou tódalas as funcións sinaladas nestas bases .

2º. Formación complementaria (ata un máximo de 10 puntos)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

a) Posgrao, Máster, ciclo formativo ou Certificado de profesionalidade en materia de igualdade ou violencia de xénero: 1,5 puntos

b) Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados e /ou homologados , ben por unha Administración pública, ou unha Universidade ou fundación universitarias.

- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,10 puntos. -

Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,20 puntos. -

Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

- Por cursos de 101 a 200 horas de duración: 0,40 puntos -

Por cursos de máis de 200 horas: 0,60 puntos

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, non se puntuará o curso. As primeiras 500 horas de formación non computarán no concurso ao ser un requisito obrigatorio para a praza, agás para as persoas con títulos universitarios en Igualdade.

**3º Docencia, titorías ou impartición de charlas sobre a materia** (ata un máximo de 10 puntos)

- Por ser titora ou titor de cursos de máis de 200 horas realizados por Colexios profesionais, Universidades, EGAP: 5 puntos -

Por ser titora ou titor de cursos de menos de 200 horas realizados por Colexios profesionais, Universidades, EGAP: 2,5 puntos -

**Por impartir formación ou realizar actividades en prol da igualdade para Colexios profesionais, centros educativos, Universidades, EGAP, Administracións públicas, empresas ou fundacións: 0,5 puntos por cada charla ou día de formación.**

d) Formación en lingua galega (ata un máximo de 5 puntos) CELGA 5 ou equivalente: 3 puntos. Certificado de linguaxe administrativo superior: 1 punto. Certificado de linguaxe xurídico superior: 1 punto. Certificado de linguaxe administrativo medio: 0,5 puntos Certificado de linguaxe xurídico medio: 0,5 puntos

A puntuación obtida nesta fase de concurso será computada na valoración final das persoas aspirantes que superaran a fase de oposición.

Non se terán en conta curso de idiomas que non sexan os sinalados no apartado d). Unicamente será valorada a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación.

Non se valorará a asistencia a xornadas, ou actividades análogas.

Non se valorarán curso de formación que formen parte dun proceso selectivo.

Non se valorarán cursos de informática nin de prevención de riscos laborais, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais.

**O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas, agás na impartición de formacións que chegará con que sinale o día da mesma.**

A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso/título nin có mesmo temario igual realizado en anos distintos.



Concello  
de Arzúa

## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

7.4-Puntuación final: Virá determinada pola suma da fase oposición e máis a de concurso, entre as persoas aspirantes que teñan superado a fase de oposición, ( e no seu caso aptos na proba de galego) En caso de empate entre as persoas candidatas tomarase como referencia primeiramente a maior puntuación na fase de oposición e de persistir, a puntuación do concurso pola orde dos seus apartados de méritos a valorar .

De continuar o empate, este resolverase por sorteo.

8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E LISTA DE AGARDA Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará públicas no taboleiro electrónico de edictos do Concello, a relación definitiva das persoas aspirantes aprobadas pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarase ao alcalde para que aprobe a bolsa de emprego que funcionará coas características que se sinalan na base seguinte.

8.1. Modalidade da lista As persoas que superaron o proceso selectivo serán propostas polo Tribunal, por orde decrecente de puntuación, para a creación dunha lista de agarda. A publicación da lista de agarda será publicada no taboleiro de edictos do Concello. Tanto a lista de agarda como as súas actualizacións serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, pero non serán notificadas ás persoas interesadas de maneira individualizada. O chamamento das persoas que figuren na lista de substitucións, efectuarase cando, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesario.

**Acorda o Tribunal** por unanimidade

**PRIMEIRO.-** Outorgar as seguintes puntuacións os méritos de concurso tendo en conta que non se valoran os necesarios para cumprir como requisito de participación , seguindo os indicados polos aspirantes de ter indicado os mesmos e en caso de non sinalar que cursos de formación en igualdade ou violencia de xénero 500 horas son requisito de participación salvo que se teña o Grado e igualdade o Tribunal acordou seleccionar os de máis horas como criterio igual para todos os aspirantes

### **1) Código 003 Adrián Manuel Goncalves Barbosa:**

Test 20

Suposto 28

**Total 48 puntos**

**CONCURSO 14,4**

Como requisito de participación Diploma de experto universitario en malos tratos e violencia de xénero . Una visión multidisciplinar .

500 horas UNED

Experiencia 2,7 p.( Concello Laracha,axente de igualdade, 6 meses 0,30+ Outras Admnsitracións Delegación do goberno para violencia contra mulleres Ministerio Sanidade actualmente Ministerio Igualdade 0,80+ experiencia en privada Desenvolvemento Local Galego S.l. 1,6 Puntos )

Certificado profesionalidade igualdade 1,5 p.

Cursos 0,20p. ( Deputación Código 1319 40 horas Planificación estratéxica territorial 0,10+ Deputación Código 1355 30 horas Axenda 2030 0,10 )

Titor 10 p. Tutorías INAP



Concello  
de Arzúa

## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**TOTAL= 62,4**

### 2) Código 004 Paula Aller Vázquez :

Test 18,25

Suposto 21,5

**Total 39,75 puntos**

**CONCURSO 3,5**

Como requisito participación ( curso Antonio Nebrija Agente Violencia de Género 200 horas + Certificado curso 200 horas Actuaciones frente al maltrato familiar + Curso especialización igualdad de género y de oportunidade UEMC 100 horas )  
Experiencia = 0 puntos

Cursos 2 p. ( Instituto de la Mujer 30 horas Sensibilización en igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres 0,10+Ministerio Sanidad Igualdad Oportunidades aplicación practica en Servicios Sociales 65 h 0,30+ Instituto de las mujeres Ministerio de igualdad Escuela Virtual de Igualdad Igualdad de oportunidades aplicación práctica en el ámbito del empleo 65 h 0,30 + Universidad Antonio de Nebrija Herramientas para diseño , gestión y evaluación planes de igualdad de oportunidades 50 horas 0,20+Universidad Antonio Nebrija Actuaciones de Mediador familiar 100 horas 0,30+ Intervención en trastornos sexuales 200 horas 0,40+Titulo director actividades tiempo libre 150 horas 0,40)

Máster intervención Multidisciplinar en la Diversidad en contexto educativos Universidad vigo 1,5 p.

**TOTAL= 43,25**

### 3) Código 001 Sabela Losada Cortizas:

Test 14,25

Suposto 21

**Total 35,25 puntos**

**CONCURSO=13,5**

Requisito de participación Máster universitario en intervención interdisciplinar en Violencia de Género 600 horas

Experiencia =2,8 ( CIDEAL671/30=22 \*0,10= 2,2+ AECI 0,40 dos semestres +CICAM 0,20)

Máster Diploma Agente Igualdad 300 horas 1,5 puntos

Curso Postgrado Igualdad y Coeducación práctica en el aula y en la familia 1,5 p.

Cursos = 6,2 ( Uned Agente igualdad 300 horas 0,60+Universidad Antonio Nebrija 110 horas Formación ebn igualdad de ´genero 0,40++ Antonio Nebrija 110 horas violencia de Género 0,40+ Universidad Valladolid 25 horas Curso ecofeminismo 0,10+Arquitectura faministea Buenos Aires Seminario 24 horas 0,10+Políticas de del cuidado con perspectiva de género 90 horas FLACSO Brasil 0,30+Seminario buenos Aires 90 horas La organización social del cuidado 0,30+Buenos Aires Seminario Debates conceptuales y metodológicos sobre el cuidado 90 horas 0,30+Los hombres la igualdad y la masculinidades on line 25 horas 0,10+Historia de América Mujer ny movimientos sociales en América Latina 40 horas 0,10+Universidad Simón Bolívar 60 horas Los derechos económicos sociales y culturales desde la perspectiva de género 0,20+Universidad Complutense Madrid Dipoloma relaciones de género y desarrollo 70 horas 0,30+  
Charlas ponencias 9 = 4,5

**TOTAL = 48,75**



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**4) Código 002 Cristina Piñeiro Rial :**

Test 22,75

Suposto 27

**Total 49,75 puntos**

**CONCURSO= 1,8**

Como requisito de participación ( Curso UEMC Agente igualdade de Xenero 2021 400 horas e Especialización en Prevención de la Violencia de Género 100 horas )

Experiencia non se valora en Dodro por non chegar ó semestre nin en Cogami por tratarse de contratación como educadora social .

Cursos =1,3p ( Técnico en Violencia Género 200 h 0,40 +Igualdade de oportunidades aplicación en ámbito jurídico 65 horas 0,30+Igualdade oportunidades entre mulleres e homes aplicación en servizos sociais 65 horas 0,30+ Intervención ante el maltrato y abuso sexual infantil 80 horas 0,30)

Docencia, tutorías , talleres ..=0,5 obradoiro taller Por impartir formación ou realizar actividades en prol da igualdade para Colexios profesionais, centros educativos, Universidades, EGAP, Administracións públicas, empresas ou fundacións: 0,5 puntos por cada charla ou día de formación. A valoración límitase a 0,5 por non ter acreditación de días de charla ou formación en certificado aportado considerando a valoración como actividade en prol da igualdade

**TOTAL= 51,55**

**SEGUNDO.-** Facer públicas as puntuacións dos méritos do concurso con publicación dun certificado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para que no prazo de **tres días hábiles** a contar dende o seguinte á publicación do certificado os/as interesados/as poidan presentar as alegacións que estimen

**TERCEIRO:-** De presentarse alegacións serán atendidas polo Tribunal para proposta de nomeamento e formación de bolsa de non presentarse as mesmas elevar como definitiva o Alcalde esta proposta provisional de contratación de **Adrián Manuel Goncalves Barbosa formando bolsa de emprego cós seguintes aspirantes por este orde :**

1ºCristina Piñeiro Rial

2ªSabela Losada Cortizas

3ªPaula Aller Vázquez :

Pola Presidenta sendo as 11:45 horas levántase esta sesión de todo o que como Secretaria dou fe remitíndose a acta para sinatura do visto bo da Presidenta e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

Secretaria Rebeca Vázquez Vázquez



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Presidenta.Maria Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de Acción Social e directora do CIM de Compostela

- **Vogais:**

- Maria Torres Pose, letrada Xunta de Galicia
- Marta Pérez Iglesias, técnica de administración local, concello de Arzúa
- Jorge Boado Fernández, secretario-interventor, concello de Boimorto